



## CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

O Páramo s/n, 27363.- O Páramo (Lugo)

[www.concelloparamo.es](http://www.concelloparamo.es)

982-539156

### D. José Luis López López, Alcalde-Presidente do Concello do Páramo

#### FAGO SABER

Que á vista da situación sanitaria actual e en consonancia coas medidas acordadas pola Resolución de 13 de marzo da Xunta de Galicia, mediante a que se declara a situación de EMERXENCIA SANITARIA NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, como consecuencia do coronavirus COVID-19 e á vista do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se aproba o ESTADO DE ALARMA en todo o territorio español durante un período de 15 días adóptanse as seguintes medidas excepcionais e de prevención que manteranse ata novo aviso:

1. Manter as medidas adoptadas por esta Alcaldía en data 13 de marzo de 2020.
2. Manter os servizos públicos esenciais de limpeza viaria e abastecemento domiciliario de auga potable.
3. Manter os servizos básicos asistenciais como Axuda no Fogar, aos usuarios que o demanden e sexa imprescindible para as actividades da vida cotiá, extremando as medidas de prevención recomendadas pola Consellería de Sanidade.
4. A atención ao público nas dependencias municipais limitarase a causas de **URXENCIA e EXTREMA NECESIDADE**, previa cita, permanecendo pechadas as portas das Oficinas do Concello. Métodos de xestión a distancia:
  1. Telemática: Poden entrar na sede electrónica municipal a través da páxina web <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>
  2. Correo electrónico: [concello.oparamo@eidolocal.es](mailto:concello.oparamo@eidolocal.es)
  3. Vía telefónica chamando ao **982 53 91 56**
5. Quedan anuladas as autorizacións e cesións de usos de locais.
6. Suspensión das feiras do Páramo dos días 10 e 25 do mes.
7. Suspensión da celebración do Pleno ordinario do mes de Marzo.

**Poñémonos a disposición de todas as persoas maiores ou en situación de risco especial, especialmente as que viven soas, para achegarles tanto medicamentos como alimentos de primeira necesidade que precisen para evitar que saian dos seus**



**domicilios. Para solicitar dita axuda poñemos a disposición o seguinte teléfono: 616 768276**

**SERVIZO DE MEDICAMENTOS - PASOS A SEGUIR:** Chamar ao centro de saúde 982539414, o Centro de saúde chamará a farmacia, a farmacia avisará ao Concello e o Concello acercará a medicación ao domicilio. *Nota: Este servizo só será para as persoas que non poidan desprazarse.*

En O Páramo, na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde

José Luis López López

